

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. O artigo 15 da Constitución española recoñece o dereito dos españois:

- A) Á folga.
- B) Á vida, á integridade física e moral.
- C) Á educación.
- D) A participar na vida política.

2. O representante dos traballadores con funcións específicas en materia de prevención de riscos laborais denomínase:

- A) Delegado de Persoal.
- B) Coordinador de Prevención.
- C) Xefe do Servizo de Prevención.
- D) Delegado de Prevención.

3. Segundo o Estatuto de Autonomía de Galicia:

- A) O galego é o único idioma oficial de Galicia.
- B) Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o deber de coñecelos.
- C) A lingua propia de Galicia é o galego.
- D) Todos os galegos e galegas teñen o deber de coñecer e usar o galego.

4. NON é un principio da acción preventiva:

- A) Combatir os risco na súa orixe.
- B) Ter en conta a evolución da técnica.
- C) Substituír o perigoso polo que entrañe pouco ou ningún perigo.
- D) Adoptar medidas que antepoñan a protección individual á colectiva.

5. Segundo o establecido no Estatuto Marco e como norma xeral, o persoal terá dereito a un período mínimo de descanso ininterrompido entre o fin dunha xornada e o comezo da seguinte de:

- A) 8 horas.
- B) 12 horas.
- C) 14 horas.
- D) 7 horas.

6. O Servizo Galego de Saúde:

- A) Está integrado por todos os centros, servizos e establecementos sanitarios de natureza pública ou privada concertada.
- B) É un organismo autónomo de natureza administrativa, pero sen personalidade xurídica propia.
- C) Dispón dun consello de dirección que será presidido polo Presidente da Xunta.
- D) Está adscrito á Consellería de Sanidade, que exercerá sobre el as facultades de dirección, vixilancia e tutela.

7. Segundo o artigo 13 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, os tribunais de selección:

- A) Serán nomeados por orde da Consellería de Sanidade.
- B) Estarán compostos dun número impar de membros non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de membros suplentes.
- C) Os seus membros deben ter a condición de persoal estatutario, non podendo formar parte o persoal funcionario de carreira.
- D) Non están obrigados a axustar a súa actuación ao disposto na normativa vixente reguladora dos órganos colexiados.

8. En que situación administrativa se atopa o persoal estatutario que está en incapacidade temporal?

- A) Servizos especiais.
- B) Servizo activo.
- C) Suspensión de funcións.
- D) Servizos baixo outro réxime xurídico.

9. A Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, establece como unha obriga dos cidadáns coas institucións e organismos do sistema sanitario:

- A) A participar, a través das institucións comunitarias, nas actividades sanitarias.
- B) A elixir médico e demais profesionais sanitarios titulados de acordo co establecido na lei.
- C) Coidar as instalacións e colaborar no mantemento da habitabilidade das institucións sanitarias.
- D) Á confidencialidade de toda a información relacionada co seu proceso e coa súa estancia en institucións sanitarias públicas e privadas que colaboren co sistema público.

10. Segundo o Regulamento xeral de protección de datos (RXPD), un dato persoal é:

- A) Toda información relativa a persoas físicas identificadas o identificables.
- B) Todo dato íntimo relativo á vida das persoas físicas.
- C) Calquera información relativa a persoas físicas ou xurídicas identificadas ou identificables.
- D) Toda aquela información que non queremos compartir abertamente.

Preguntas de reserva

1. Segundo o Estatuto de Autonomía de Galicia, o Presidente da Xunta de Galicia:

- A) Será elixido na primeira votación por maioría simple.
- B) Aproba o Orzamento da Comunidade Autónoma.
- C) Exerce a potestade lexislativa.
- D) Será elixido polo Parlamento Galego de entre os seus membros.

2. De conformidade co artigo 38 da Lei xeral de sanidade, é competencia exclusiva do Estado:

- A) O control sanitario de cemiterios e policía sanitaria mortuoria.
- B) A sanidade exterior e o control sanitario de industrias.
- C) A sanidade exterior e as relacións e acordos sanitarios internacionais.
- D) A sanidade exterior e o control sanitario de industrias e do medio ambiente.